



.....

Evento en liña

Dramaturxias itinerantes

- *Violência - fetiche do homem
bom* de Cláudia Lucas Chéu
- *Batallas* de Clara Gayo

.....

Luns, 14 de decembro de 2020: publicación en www.consellodacultura.gal



O Consello da Cultura Galega, o Camões, Centro Cultural Portuguêz em Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia dan continuidade ao programa “Dramaturxias itinerantes/Dramaturgias itinerantes” que se iniciou en 2019 con dúas edicións –primavera e outono- que nos permitiron achegármonos á escrita teatral máis contemporánea de Galicia e Portugal.

O proxecto ten como obxectivo servir de ponte entre as escrituras teatrais galega e portuguesa para fomentar, a través do diálogo escénico, un mellor coñecemento mutuo que poida agromar en futuros traballos colectivos. Na primavera de 2019 inaugurouse en Galicia o ciclo e escoitamos, primeiro en Compostela e despois en Vigo, os textos das dramaturgas Patrícia Portela e AveLina Pérez, nas voces do alumnado da ESAD e de parte do Grupo de Teatro Amador do Centro Cultural Portuguêz do Camões de Vigo, Eu.Experimento. Dese encontro xurdiron novos proxectos conxuntos, co cal esta experiencia arrequece xa os seus primeiros froitos..

O outono tróuxonos os textos dramáticos de Ana Carreira e Joana Craveiro. *Un intre antes do solpor* (Premio Varela Buxán de Dramaturxia no ano 2014) foi a aposta da autora galega para esta cita, na que unha parella de anciáns vive os seus últimos solpores no patio dunha residencia. Pola súa parte, a creadora portuguesa tróuxonos *Atalhos, ou sobre o caminho mais comprido entre dois pontos*, un texto documental sobre un grupo de mozas e mozos que parte nunha viaxe evocativa por entre diversas noticias de xornais. Neste ano 2020 son dúas autoras nadas na década dos setenta, Clara Gayo e Cláudia Lucas Chéu, as convidadas a partillar connosco a súa escrita con *Batallas e Violência - fetiche do homem bom*, respectivamente, dous textos que nos mergullan nas dimensións máis escuras da condición humana nuns intres e que nos interpelan de xeito singular nestes intres tan difíciles que estamos a vivir. O teatro, coma sempre, a petar nos nosos corazóns.

Programa

VIOLÊNCIA - FETICHE DO HOMEM BOM

Cláudia Lucas Chéu

Intérpretes: Alicia Castro Cabaleiro, Béatrice Pépin, Eliseo Pereira Henriques, Rosa Estévez Gantes e Nuria Otero Desojo
Dirección: Hugo Milhanas Machado
Producción: Eu.Experimento - Grupo de Teatro Amador
Duración: 20 minutos
Web/Redes sociais -
www.euexperimento.com
<https://soundcloud.com/euexperimentoarquivo>

Breve sinopse da obra

Violência - fetiche do homem bom é uma viagem exploratória aos abismos mais subterráneos e hardcore da violência humana guiada por dois irmãos, Miguel e Gabriel, adeptos de junk food e fãs da estrela porno Sasha Grey.

BATALLAS Clara Gayo

Intérpretes: Ana Fernández Sánchez, Sabela Solla Simón, Iago Lavandeira García, Jacobo Mo, Marcos Grandal
Dirección: Nuria Montero
Música en vivo: Jacobo Mo, Marcos Grandal
Producción: ESAD de Galicia
Duración: 15m.

Breve sinopse da obra:

Batallas é unha peza escrita entre os anos 2011 e 2013, profundamente inspirada e condicionada pola crise económica que arrasou o mundo desde o 2008. Cun elenco de número e xénero indeterminados, *Batallas* ofrece unha sucesión de escenas (diálogos) entre personaxes (despexados) que reflexionan sobre os motivos (e os culpables) que os conduciron á miseria. Personaxes que xa non contan con paredes que os protexan, que rememoran a vida pasada conscientes do engano ao que foron sometidos, e que miran ao futuro con total escepticismo.

DEBATE

Modera: Afonso Becerra
Cláudia Lucas Chéu e Clara Gayo

Programa

Cláudia Lucas Chéu

Portugal (1978). Tem publicados os textos para cena *Glória* ou como *Penélope Morreu de Tédio*; *Violência - fetiche do homem bom*, pelas edições Bicho-do-Mato/Teatro Nacional D. Maria II; *A Cabeça Muda*, pela Cama de Gato Edições; *Veneno* (Colección Curtas da Nova Dramaturgia), Edições Guilhotina, 2015.

Em prosa poética, publicou o livro *Nojo* (2014), (não) edições. E em poesia, o livro *Trespasse*, Edições Guilhotina, 2014 e *Pornographia* (poesia), Editora Labirinto, 2016. Em 2017, foi publicado o seu livro *Ratazanas* (poesia), pela Selo Demónio Negro, em S. Paulo (Brasil). Publicou, em 2018, o seu primeiro romance *Aqueles Que Vão Morrer*, Editora Labirinto, e *Beber Pela Garrafa* (poesia), pela Companhia das Ilhas. Em 2019, foi editado *A Mulher-Bala e outros contos*, Editora Labirinto. Co-fundadora da Teatro Nacional 21 e da Edições Guilhotina. Encenou vários espectáculos na sala estúdio do Teatro Nacional D. Maria II (Lisboa) e no Teatro Carlos Alberto (Porto).

É mãe. Vive mal sem caminhadas, Bach e batatas fritas.

Clara Gayo

(Vigo, 1971) é actriz e dramaturga. En 2009 foi seleccionada para participar nos IV Encontros en Magalia de Creación Contemporánea co seu texto “Agorafobia: parálise sobre o medo” que autoeditou con RedeNasa na colección “Ultratextos”. No 2010, Estaleiro Editora publica *Movidas e Razóns de peso*. No mesmo ano escribe *A mirada de Pier* para Nut Teatro. No 2014 a *Revista Galega de Teatro* publica *Prohibido sufrir* e no 2019 a mesma revista edita *Micropezas*, entre a que se atopa *Screenplay*, desta autora. No 2015 gana o Premio do Xurado da IX Edición do Premio de Teatro Radiofónico do programa Diario Cultural da Radio Galega, con *Evasión* e no ano 2017 é finalista con *Proxecto Tempo*. No 2017 foi seleccionada para participar na 42ª edición da Feira Internacional do Libro, Bos Aires. Participou no II Torneo de Dramaturxia Galega coa peza *Con fabulación*, que no 2020 foi editada por Edicións Positivas, xunto co resto de participantes da edición. Participou no II Torneo de Dramaturxia (2018) con *As boas actrices* peza que en xullo de 2020 estreou na Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo de Cangas xunto con Mónica Camaño e Arantza Villar. Desde hai 12 anos, é directora da compañía de teatro amator Farandoleiras Cabaré para a que escribiu numerosos espectáculos. Integra desde 2017, xunto con Carlos Santiago e Zé Paredes, o colectivo G.O.D Flavia Antonia (Grupo Oportunista de Drama). Froito deste experimento de escrita a tres mans xurdiron *Acto de hixiene* (2017), *Poetas Suicidas* (2018) e *Á Mesa!* (2019).

Organiza

Consello da Cultura Galega
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
Centro Cultural Português do Camões IP em Vigo

Coordina

Carla Sofia Amado
Cristina Domínguez Dapena
Dolores Vilavedra

Emisión

A actividade non será presencial.
Os contidos estarán dispoñibles no noso web e na nosa canle en Youtube o día indicado e logo permanecerán na Mediateca para consultas futuras.
Non é necesaria inscrición previa.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

